

INDIGNADOS

A historia das **reformas laborais comeza no 1977** cos “Pactos da Moncloa”, desde ese momento até hoxe, cada vez que o sistema ten unha pequena ou gran crise abórdase do mesmo xeito, quitándolle dereitos laborais, sociais e económicos aos traballadores/as.

Fronte ás anteriores crises **esta ten factores novos**: por un lado é unha crise internacional (activos tóxicos e presións especulativas sobre a débeda dos estados), por outro colle ao Estado español en diferente situación, o feito de pertencer á moeda única impide unha das políticas realizadas até agora en momentos parecidos, a depreciación da moeda. É, tamén unha reforma que se vai facendo por partes (Administración, laboral, pensións, convenios...).


Outro factor transcendente é que a política plegouse descaradamente aos intereses económicos (os estados gobernanse desde foros como FMI, BCE...). Coa reforma, Zapatero cumpriu e cumpre as esixencias impostas polo FMI, a UE...

O ataque que padecemos e o que se nos ven enriba é de tan amplo espectro que, sen dúbida, nos afectará a todos/as.

- Aínda que a crise é unha crise mundial, no Estado español ten factores específicos que a agravan. Como **a economía, sustentábase** sobre un xigante con pes de lama, a denominada **burbulla inmobiliaria**, (case un monocultivo) ao estoupar axudou a que a banca e grande parte da administración quedase sen liquidez (a situación dos bancos e caixas de aforro é evidente e mesmo hai concellos en bancarrota).
- **Para protexer o sistema descapitalizouse o Estado**, así miles de millóns foron parar ás arcas de bancos que, no canto de poñelos en circulación para favorecer o consumo e o traballo de pequenas empresas e autónomos, amañaron as súas contas de resultados. Outra chea de miles de millóns empregárase no saneamento das caixas para despois “regalalas” á banca privada (só a NCG custará máis de 2.000 millóns de euros).
- **Os primeiros** en padecer os efectos foron os traballadores/as con **contratos eventuais**, estes de xeito case imperceptible foron desaparecendo das empresas, unha lexislación permisiva xa facilitaba a contratación precaria.
- **Paralelamente afortálase a deslocalización da produción** coa conseguinte perda de postos de traballo, por peches (as multinacionais buscan novos lugares a onde levar a produción) ou diminución do persoal (A Toxa, Bunge, Caramelo, Kina Fernández...)
- A seguinte **avalancha afectou a traballadores/as da Administración Pública (AP) e xubilados/as**. Aos traballadores/as da AP por primeira vez na historia redúceselles o salario nun 5%. Aos xubilados/as procedéuselles a conxelar as pensións que xa, en moitos casos, eran raquícticas.
- Posteriormente procederon a aprobar unha serie de normas que nos afectan, dun xeito ou outro, a todos/as:
 - Para, segundo dixeron, favorecer a contratación **abarataron o despido individual e colectivo**, a través dos Expedientes de Regulación de Emprego, ERE, (antes a indemnización por despido era de 45 días por ano cun máximo de 42 mensualidades que pasa agora a 20 días por ano cun máximo de 12 mensualidades). Abonda cunha simple previsión de perdas para acollerse a esta modalidade de despedimento. Este factor será decisivo para transformar postos de traballo fixos, con antigüidade... en postos eventuais e sen dereitos (isto é como quen apaga lume con gasolina).

Exemplos de indemnización por despedimento

Caso dunha traballadora con 10 anos de antigüidade e 25.000€ de salario bruto anual:



1. Despido improcedente con contrato ordinario (45 días por ano traballado con un límite de 42 mensualidades)
Indemnización: **31.248 euros**
2. Despido improcedente con contrato de fomento do emprego (33 días por ano traballado con un límite de 24 mensualidades)
Indemnización: **22.915 euros**
3. Despido obxectivo procedente por razóns económicas (20 días por ano traballado con un límite de 12 mensualidades)
Indemnización: **13.888 euros**

- **O contrato de fomento da contratación indefinida. que se legisla equipárase ao anterior denominado de fomento** con indemnización menor, 33 días por ano cun máximo de 24 mensualidades pero que, desde o comezo é ineficaz pois o empresariado segue a contratar de xeito precario con contratos eventuais.
- No caso de que o **empresario queira despedir** ao traballador/a o **Fondo de Garantía Salarial abonará 8 días** por ano do cómputo.
- **Establécese como causa legal de despedimento se o empregado/a falta o 20% da súa xornada hábil en dous meses** consecutivos. Así aínda .que rompas un pé irás a traballar con el colgando, porque as baixas inferiores a 20 días tamén computan como absentismo.
- **Máis flexibilidade para as empresas. Descolgue salarial, cambios de turno, xornada de traballo etc.**
- **Introdución do "modelo austríaco" ou fondo de capitalización para contratos indefinidos.** É dicir: en lugar de que o empresario pague unha indemnización por despedimento, será o traballador o que teña un "peto" (administrada pola empresa, iso si) na que cada mes se irá depositando unha cantidade de diñeiro; en caso de extinción do contrato de traballo, o "peto" rompería, abonándose a cantidade depositada nela ao empregado.
- **Eliminación da prohibición de Axencias de Colocación con fins lucrativos.** Si, señores: liberalízase o mercado de emprego, permitindo (máis do que se viña facendo ata agora) que haxa que, literalmente, pagar para encontrar traballo.
- **Pensións**, para ter dereito á xubilación todos/as teremos que traballar máis (até os 67 anos), e para facer o cálculo, nunha primeira fase, computaranse os 25 últimos anos (agora son 15) co que perderemos poder adquisitivo (arredor dun 27% menos que as pensións actuais). Nunha segunda fase prepárase o cómputo de toda a vida laboral.
- **Convenios.** Nuns días cocíñase unha nova parte desta reforma laboral.
 - O acordo sobre a negociación colectiva está a piques de se asinar, parece que irá polo camiño de eliminar a **Ultraactividade**. Significa que cando venza o convenio quedades sen convenio. Se vos quedades sen convenio quedádesvos sen táboas salariais e sen calquera outra vantaxe que poida ter.
 - **Flexibilidade interna.** Iso é facilitar os cambios de categoría e os traslados. Ata agora non estaba permitido o cambio a funcións inferiores salvo de forma temporal e por necesidades perentorias e sempre mantendo o salario anterior.
 - **Descolgue salarial.** Que vai ser? Baixar os soldos. Antes da reforma laboral do 2010 era case imposible.
 - **Absentismo laboral.** Incluirá dar ás mutuas a capacidade de dar a alta en enfermidades comúns e accidentes non profesionais.
- Quérese acabar coas políticas sociais. Así, cada día privatízanse máis servizos. E como xa van quedando poucos os que se privatizan nesta xeira son os esenciais: sanidade constrúense e xestiónanse os centros asistenciais con cartos privados (aproxímase o copago), educación, servizos sociais.... Da importancia deste feito decatáremos cando teñamos que pagar por todo

A situación real de Galicia

Emigración.

Volvemos a ser un país de emigrantes, non hai futuro no noso territorio. Temos que buscalo fóra.

Segundo os últimos datos dispoñibles do Instituto Nacional de Estatística, en 2009 emigraron 112 de cada 100.000 persoas censadas en Galicia, mentres que no Estado esta cifra redúcese a 77, é dicir, un 45% menos.

Nestas estatísticas destaca o caso de Ourense que ocupa o primeiro lugar de todo o Estado con 138 por cada 100.000 habitantes en 2009.

Pensións

Galicia ten a pensión media de xubilación máis baixa do Estado.

A maior pensión media rexistrouse no País Vasco (994,16 euros), seguida de Asturias (957,83 euros), Madrid (951,91 euros) e Navarra (909,23 euros).

En canto ás máis baixas, déronse en Galicia (673,26 euros), Extremadura (683,43 euros), Murcia (708,29 euros) e Baleares (733,03 euros).

As pensións son un reflexo dos salarios, a menor pensión media, o salario medio tamén será menor.

ERE (Expedientes de Regulación de Empleo). Realmente son de extinción de emprego.

Galicia é a segunda autonomía con máis ERE autorizados. Catalunya encabezou no primeiro trimestre do ano o número de persoas afectadas por un Expediente de Regulación de Empleo autorizado, con 11.293 traballadores, un 35% menos respecto ao ano anterior, seguida de Galicia, con 10.822 persoas, fronte ás 3.788 rexistradas no mesmo período de hai un ano.

Todos estes números son en termos absolutos, en termos relativos a destrución é moito menor en Catalunya (ten moito máis volume de traballadores/as que Galicia) e, por outro lado, diminúe o número de despedidos mentres que en Galicia a situación é a contraria.

Emprego

A estatística dá as costas á comunidade, xa que Galicia é a terceira autonomía que máis reduciu a contratación indefinida no primeiro trimestre do ano ao rexistrar 1.129 contratos menos, o que supón unha caída do 7%.

Precariedade

Nun 10% dos fogares galegos que teñen polo menos un membro activo xa non traballa ninguén. Noutros moitos casos, case en cinco de cada dez, os desempregados levan máis dun ano buscando un posto de traballo sen éxito.

Todas as xeracións loitaron por deixarlles aos que as precedían unha situación mellor á que eles viviron. Qué futuro lles deixamos ás xeracións futuras, aos nosos fillos e fillas?

Como vedes todas as medidas van dirixidas contra os traballadores/as, ningunha medida para sacar cartos aos máis ricos, nin ao capital especulativo, nin á igrexa, nin se afronta a redución dos gastos militares...

As políticas céntranse en trasladar as relacións laborais de países como China, India... ao noso país.

Todas as políticas están deseñadas para que ti, eu, nosoutros paguemos a crise, tócanos, polo tanto, mover ficha, saír á rúa e demostrar a nosa indignación.